

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2016

### **Asistentes:**

Arribas Álvarez, MCarmen  
Barriocanal López, Yolanda  
Cid Narváez, Daniel  
Espino Alvarado, Héctor  
Fernández Castillo, Diego  
García Cabo, Manuel  
Juana López, Jesús de  
Pérez Rguez, Fco. Javier  
Prada Rodríguez, Julio  
Presedo Garazo, Antonio  
Real López, Arturo  
Reboreda Morillo, Susana  
Taboada Rodríguez, Sofía  
Uña Álvarez, Elena de  
Vaquero Díaz, Beatriz

### **Desculpan a súa ausencia:**

Comendador Rey, Beatriz  
Fdez Contreras, MCarmen  
Gómez Iglesias, Montserrat  
López Díaz, María (Año  
sabático)  
Pérez Losada, Fermín  
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o mércores 30 de novembro de 2016, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 23 de novembro de 2016

- Lectura e aprobación da acta anterior (5 de outubro de 2016)
- Informe da Decana
- Nomeamento do Tribunal para a concesión dos Premios Extraordinarios de Grao
- Aprobación, se procede, dos informes para as solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios), presentados polo profesorado
- Aprobación, se procede, da solicitude de admisión da Tese de Licenciatura de Susana Blanco Rodríguez
- Rolda de intervencións

## 1. Lectura e aprobación da acta anterior (5 de outubro de 2016)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

## 2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (cuestións de índole persoal), María López (Ano sabático), M<sup>a</sup> Carmen Fdez (cuestións laborais), Fermín Pérez (enfermidade), Beatriz Comendador (permiso asistencia congreso) e Montserrat Gómez (quenda noutro departamento).

- Informa sobre o proceso de acreditación do título no cal estamos inmersos. Neste momento estamos realizando o autoinforme de acreditación que nos remitiron dende a Área de Calidade, no que se revisan, a través de diversos criterios, todos os aspectos dos últimos catro anos académicos. Hai redactado un primeiro borrador que fíxose chegar aos membros da Comisión de Calidade para que fixeran as suxestións que consideraran oportunas e debatilas na comisión do vindeiro xoves, tamén se remitiu ao profesor Julio Prada, como coordinador da materia do TFG. Agradécelle a Julio as suxestións propostas nun prazo tan curto de tempo.

Dende a Área de Calidade informáronnos que se vai retrasar un pouco o proceso, polo que a entrega da documentación en lugar do 15 de decembro pasa ao 15 de xaneiro e a acreditación se prevé que sexa sobre o mes de marzo. Para axudarnos con todo este proceso de recompilación de datos a Área de Calidade asignounos a unha administrativa de apoio que é de gran axuda.

- Despois de todos os procesos de matriculación, informa de que hai 35 alumnos matriculados en 1º de grao. Tras o peche definitivo da matrícula no grao a decana realizou unha pequena xornada de acollida, mantivo unha reunión cos que se matricularon posteriormente e outra co alumnado semipresencial, coa finalidade de comentar os aspectos máis elementais do grao e do centro; a ambas xuntanzas asistiron representantes da Delegación de Alumnado, agradécelle a súa boa disposición á colaboración, como tamén ao estudante de 3º curso, tamén da delegación, Carlos Lozano, pola asistencia o pasado 23 de novembro á Xornada de orientación Académica e Profesional, do grao en Xeografía e Historia, organizada polo SIOPE da UVigo e dirixida aos orientadores de Institutos de Ensinanzas Medias, para participar na mesa do alumnado.

- Informa que se quere retomar o proxecto do programa conxunto entre o Grao en Xeografía e Historia e o Grao en Turismo. Por este motivo, as decanas van ter unha reunión coa Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado o vindeiro 15 de decembro. O que se quere conseguir é que a UVigo faga presión para que a Xunta de Galicia nos deixe ofertar máis prazas no grao, para así poder ofertar un número das mesmas no programa conxunto.
- Comunica que presentou a dimisión, por motivos persoais, o representante do alumnado na Xunta de Facultade Jorge Ansia. O substitúe na Xunta de Facultade Diego Fernández Castillo, ao que se lle dá a benvida; na Comisión do TFG será substituído por Manuel García Cabo.
- Informa que o día 12 de decembro hai eleccións a representantes do estudantado de 3º ciclo no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, ao terse presentado dúas persoas polo ámbito de Humanidades e haber só unha praza por ámbito. Farase o sorteo para designar aos representantes de PDI, PAS e estudantado tanto na Xunta Electoral como na Mesa.

### **3. Nomeamento do Tribunal para a concesión dos Premios Extraordinarios de Grao**

Segundo a normativa, o tribunal ten que estar composto por tres profesores/as doutores/as con vinculación permanente á universidade.

Pregúntase se se mantén o tribunal designado o curso pasado ou se nomea a outro distinto. O profesorado presente está de acordo en manter o do curso pasado, polo que o tribunal designado é o seguinte:

Presidente: Jesús de Juana López

Secretaria: Elena de Uña Álvarez

Vogal: Yolanda Barriocanal López

### **4. Aprobación, se procede, dos informes para as solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios), presentadas polo profesorado**

Presentaron solicitudes de informe para a avaliación da actividade docente os seguintes profesores: Jesús de Juana, Susana Reboreda, Beatriz Figueroa e Beatriz Vaquero.

Apróbase emitir informes favorables ás peticións presentadas.

## **5. Aprobación, se procede, da solicitude de admisión da Tese de Licenciatura de Susana Blanco Rodríguez**

Apróbase a solicitude de Tesiña por parte da alumna Susana Blanco Rodríguez titulada “Origen y evolución del ejército terrestre y marítimo en la antigua Grecia (siglos XII-IV a.c.)” baixo a dirección da profesora Susana Reboreda.

Comenta a decana que o ano pasado extinguiuse a Licenciatura de Historia e para defender a tese se solicitou unha prórroga. Hai uns días chegou a normativa, nela se concede unha prórroga para solicitude do grao de licenciatura ata o 31/05/2017 e para a súa defensa ata o 28/12/2018.

## **6. Rolda de intervencións**

- O alumno Manuel García le un escrito pertencente ao alumno egresado David Morenza, que se xunta á acta, no que reflicte a pouca asistencia do profesorado ás xornadas organizadas polo alumnado.

Susana Reboreda manifesta que se non se asiste é porque non poden, non porque non queiran. Respecto á obrigatoriedade por parte do alumnado de asistir as xornadas do centro afirma que se detraen horas de docencia das materias para este tipo de actividades que se encontran dentro do programa formativo. O que todos temos claro é que temos que traballar conxuntamente.

- O alumno Héctor Espino quere transmitir que no Congreso Internacional sobre S. Martín de Tours se botou en falta a presenza do profesorado da Facultade de Historia e de alumnado.

Susana explica que a facultade non foi invitada a participar na organización do evento, houbo dous docentes que foron invitados a dar un relatorio. A facultade transmitiu a información, publicitouse nas redes sociais e o profesorado que lle pareceu interesante, asistiu e ao que non, non asistiu.


Julio pregunta que como se pode incentivar a participación e Héctor di que se podería ter dito nas aulas. Julio di que, segundo a súa experiencia, se a xornada/congreso non está na programación docente non hai asistencia de alumnado.

Yolanda di que é moi complicado informar de todos os congresos/xornadas relacionados coa Xeografía e a Historia.

Jesús di que ao estar implicada a Deputación e o Concello de Ourense houbo moita publicidade nos medios locais. Que el asistiu á inauguración e que un dos organizadores, que era un egresado desta facultade, falou moi cariñosamente do seu paso polo centro e en especial da profesora Mercedes Durany.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.30 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboveda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas